

RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE ABRIL DE 2022 POLA QUE SE REGULA A CREACIÓN DE PROGRAMAS PROPIOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Real Decreto-Lei 32/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo pretende ordenar o réxime actual de relacións laborais en España co obxecto de reducir rigorosamente a excesiva temporalidade existente. Entre as reformas que regula destaca a relacionada coa simplificación e reordenación das modalidades de contratación laboral, establecendo que o contrato indefinido sexa a regra xeral e o contrato temporal teña unha orixe exclusivamente causal.

Este feito afecta particularmente ás universidades que presentan unhas singularidades non existentes noutras organizacións e supón, na práctica, a desaparición do contrato por obra e servizo, modalidade contractual foi a utilizada habitualmente no ámbito de investigación para a contratación de persoal investigador e persoal técnico de apoio que participa na execución de proxectos, actividades e servizos de I+D e innovación.

O Real Decreto-Lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no eido da Ciencia, a Tecnoloxía, a Innovación e a Universidade modifica a Disposición adicional 23ª da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación permite ás universidades a contratación de persoal con carácter indefinido, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia, para a execución de plans e programas públicos de investigación científica e técnica ou de innovación e financiados mediante consignacións orzamentarias anuais consecuencia de ingresos externos de carácter finalista vinculados á duración dos correspondentes plans e programas .

A Xerencia, xunto coa Vicerreitoría de Investigación e Innovación, aprobou a Instrución conxunta I/2022 pola que se concreta a aplicación do RD-Lei 32/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado do traballo e da Lei 20/2021 do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no Emprego público na USC, co fin de facilitar a adaptación ás novas normas tanto das vixentes categorías de persoal na USC, recollidas no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela* como das modalidades contractuais a utilizar.

Materializar a contratación indefinida, tanto de persoal investigador como de persoal de apoio á investigación, fai preciso a creación de programas propios de investigación que sexan sostibles economicamente nos que este persoal se encadre.

En base ao anterior esta Reitoría, no uso das atribucións conferidas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as bases para a creación de programas propios de investigación da Universidade de Santiago de Compostela segundo as bases recollidas no Anexo a esta resolución.

Disposición final. Esta resolución entrará en vigor dende a súa publicación.

Santiago de Compostela

O Reitor

Antonio López Díaz

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
06/04/2022 09:29:43.

CSV: 4DAE-D5F1-439D-9872